

EXPEDIENTE	2025039593
ASUNTO	RELACIÓN PROVISIONAL DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA NO ANO 2026
TRÁMITE	RESOLUCION PROVISIONAL

De conformidade co establecido na base décimo segunda das bases reguladoras do programa, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas, na páxina web da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 7 de agosto de 2026 acordou a declaración de urxencia do procedemento e reducir da cinco (5) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do programa xunto coa indicación das causas de exclusión das persoas provisionalmente excluídas.

En base ao anterior, unha vez publicada na páxina web a citada lista provisional, as persoas interesadas terán un prazo de cinco (5) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este, publicárase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a lista definitiva na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Figura asinada no expediente da convocatoria a relación provisional de solicitudes cas persoas integrantes de cada solicitude, que resultaron admitidas e excluídas, e motivo de exclusión (CSV: F7EIEIAMY0TA1K14)

Esta resolución notificarase as persoas solicitantes a través da súa publicación na páxina Web da Deputación de Pontevedra; así mesmo, de conformidade co establecido no apartado quinta das bases reguladoras,



enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten o estado da súa solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>

A presente publicación non xera dereito ningún e pode xerar posibles axustes resultantes da presentación de documentación ou alegacións.

Unha vez resoltas as alegacións ou a comprobación de datos aportados, o servizo instrutor formulará proposta de resolución definitiva que someterá a aprobación do órgano competente que resolverá a convocatoria, sendo publicado o anuncio de data de sorteo na páxina Web, tendo este efectos de notificación.

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

